



Moi Leal e Excelentísimo Concello de Carral (A Coruña)

Campo da Feira, nº 1 // C.P.: 15175 // Tel.: 981670002 Fax: 981 6722 82 // C.LF.: P-1502100 I
Páxina web: www.carral.es / Sede electrónica: <http://sede.carral.es> / Correo electrónico: correo@carral.es

DECRETO DA ALCALDÍA

ASUNTO: Modificación dun dos membros dos tribunais nomeados para os procesos de selección de cinco obreiros/as, tres limpadores/as fixos/as, cinco limpadores/as fixos/as-descontínuos/as e dous/dúas auxiliares de servizos.

EXPEDIENTE: 2024/E002/000002


EXPEDIENTE DECRETO: 2024/G003/000524

Tendo en conta que por decretos da alcaldía 463/2024, 464/2024, 465/2024, 466/2024 do 13 de novembro de 2024 se resolveu nomear aos membros dos tribunais cualificadores dos procesos selectivos de auxiliar de servizos, limpadores/as fixos/as, limpadores/as fixos/as-descontínuos/as e obreiros/a respectivamente.

Visto que en todos os tribunais figura nomeado como vogal substituto, entre outros, don Manuel Ares Barbeito, delegado sindical do persoal laboral do Concello de Carral, informado polos servizos xurídicos que de acordo co artigo 60 do Texto refundido do estatuto básico do empregado público e da doutrina xurisdiccional existente non pode ser membro dun tribunal de selección nin persoal laboral fixo que sexa membro do comité de empresa ou delegado sindical nin os funcionarios que son delegados de persoal é polo que, en uso das facultades que lle outorga o artigo 21.1 da Lei 7/1985, do 2 de abril, Reguladora das bases de réxime local **RESOLVO**

PRIMEIRO.- Nomear a dona Erika M^a Mosquera Gende, auxiliar administrativa do Concello de Carral, como vogal suplente dos tribunais de selección para a provisión en propiedade de cinco prazas de obreiros/as, tres prazas de limpadores/as fixos/as, cinco prazas de limpadores/as fixos/as-descontínuos/as e dúas prazas de auxiliares de servizos deixando sen efectos o nomeamento de Manuel Ares Barbeito.

SEGUNDO.- Modificar os decretos 463/2024, 464/2024, 465/2024, 466/2024 do 13 de novembro de 2024 no seu resolvo segundo deixando sen efecto o nomeamento de Manuel Ares Barbeito e nomeando a Erica M^a Mosquera Gende como substituta dos membros dos diferentes tribunais sindistintamente co fin de constituír os tribunais necesarios para proceder a valoración de méritos dos procesos de selección.



Moi Leal e Excelentísimo Concello de Carral (A Coruña)

Campo da Feira, nº 1 // C.P.: 15175 // Tel.: 981670002 Fax: 981 6722 82 // C.L.F.: P-1502100 I
Páxina web: www.carral.es / Sede electrónica: <http://sede.carral.es> / Correo electrónico: correo@carral.es

TERCEIRO.- Publicar este anuncio no boletín oficial da provincia para xeral coñecemento así como no taboleiro de anuncios do Concello sito na sede electrónica do Concello con notificación á empregada Erica Mª Mosquera Gende .

CUARTO.- Dar conta deste decreto ao pleno.

Concello de Carral, na data de sinatura electrónica que figura á marxe

O Alcalde
Asdo.- Francisco Javier Gestal Pose

Dou fe, a Secretaria
Asdo.- Rebeca Vázquez Vázquez